

EXPLICACIÓN DO ANEXO D: I a

UNIDADES.

Os datos indícaranse nas diferentes celas deste impreso de acordo cos seguintes criterios: superficie en hectáreas (ha)(10.000 metros cadrados) con dous decimais, masa en 100 quilos, con dous decimais; rendemento en quilos por hectárea (kg/ha), cun decimal. En todos os casos a supresión de decimais efectuarase sen redondeo.

CADRO A.

Sinalarase cunha “X” no recadro que corresponda a cada caso: alta, cando sexa a primeira vez que se presenta a declaración; baixa, para a comunicación do cesamento na actividade da persoa ou entidade colleiteira; modificación, se cambiou a súa razón social, domicilio, etc.

Consignarase os totais correspondentes á unidade territorial establecida pola comunidade autónoma, relativos a cada un dos cinco tipos de aptitudes do viñado.

CADRO B.

Indícaranse os diferentes destinos da colleita de uva, diferenciando en cada liña as cantidades obtidas, en 100 kg, a partir dos distintos tipos de viñado sinalados na columna da esquerda.

CADRO C.

Relacionarase as persoas ou entidades destinatarias ás cales a persoa ou entidade colleiteira entregou uva ou mosto, indicándose a continuación os quilos (en 100 kg) de uva facilitados a cada un deles, diferenciados en función do tipo de viñado de procedencia.

DEFINICIÓNS

- **Viño con denominación de orixe protexida:** veu cuxas características se axustan ao establecido no punto 1.a) do artigo 93 e no artigo 94 do Regulamento (CE) n.º 1308/2013.
- **Viño con indicación xeográfica protexida:** viño cuxas características se axustan ao establecido no punto 1. b) do artigo 93 e no artigo 94 do Regulamento (CE) n.º 1308/2013.
- **Viños varietales sen DOP ou IGP:** viños que, sen estar adscritos a unha DOP ou IGP, mencionan a variedade nos termos establecidos polo Regulamento (CE) n.º 1308/2013.
- **Viño sen indicación xeográfica:** viño que non cumpre co establecido no artigo 93 do Regulamento (CE) n.º 1308/2013, nin coa definición de viños varietales sen DOP ou IGP.
- **Restantes viños:** os que non son viños con denominación de orixe protexida, con indicación xeográfica ou sen cualificar. Inclúense neste grupo os viños espumosos, aromatizados, de licor, etc., non cualificados como viños con indicación xeográfica.